

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Durante o curso, proveuse ó alumnado dunha serie de boletíns con exercicios sobre a materia suspendida. No período especificado (6 de xuño ata o 10 de xuño) nas 4 sesións das que dispomos resolveranse as dúbidas que lles xurdan despois de facelos.

Todo este proceso será avaliado nunha proba final que terá lugar o 13 de xuño e que certifique que o alumnado adquiriu os coñecementos do curso que non tiña superado.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

Nas 9-10 sesións das que dispomos nese período (6 de xuño ata o 22 de xuño), farase un breve repaso dos contidos xerais explicados ó longo do curso e se traballarán exercicios de repaso das diversas unidades para afianzar os conceptos que lle faltan ó alumnado.

Tras este rápido repaso das unidades mais salientables, o alumnado individualmente irá elixindo os exercicios das unidades onde atope mais dificultades. O profesorado encargárase de explicar esas dúbidas puntuais individual ou colectivamente segundo sexa o caso.

Todo este proceso será avaliado nunha proba final que certifique que o alumnado adquiriu os coñecementos das avaliacións que non tiña superado. Haberá diferentes probas segundo as avaliacións que o alumnado teña suspendidas ó longo do período anterior ó 6 de xuño.

O alumnado que teña superada a materia antes do 6 de xuño terá a posibilidade de presentarse á proba global para subir a nota na avaliación final.

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

No período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo, o alumnado que teña a materia superada realizará exercicios das unidades didácticas máis importantes para o vindeiro curso académico.

En canto ao alumnado con avaliacións suspensas, resolveránselle as dúbidas que poidan ter de ditas avaliacións, coa finalidade de preparar a proba extraordinaria.

Todo este proceso será avaliado nunha proba final que certifique que o alumnado adquiriu os coñecementos das avaliacións que non tiña superado. Haberá diferentes probas segundo as avaliacións que o alumnado teña suspendidas ó longo do período anterior ó 6 de xuño.

3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

No período precisado, farase un breve repaso dos contidos xerais explicados ó longo do curso e se traballará en exercicios de repaso das diversas unidades para afianzar os conceptos que lle faltan ó alumnado.

Tras este rápido repaso, o alumnado individualmente irá elixindo os exercicios das unidades onde atope mais dificultades. O profesorado encargárase de explicar esas dúbidas puntuais individual ou colectivamente segundo sexa o caso.

Todo este proceso será avaliado nunha proba final que certifique que o alumnado adquiriu os coñecementos das avaliacións que non tiña superado. Haberá diferentes probas segundo as avaliacións que o alumnado teña suspendidas.